

O ciclo “Un mes e Pico” xirará en torno á presenza do monte sagrado na literatura

O Pico Sacro na literatura. Esta é a temática sobre a que xirará a quinta edición do ciclo “Un mes e Pico”, unha iniciativa que encherá Boqueixón de conferencias, contacontos, presentacións de libros e a recuperación da tradicional cerimonia do lume sagrado. Un programa que foi presentado polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e a concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ana María Seijo, que estiveron acompañados por tres dos autores que participarán no programa: Raquel Sánchez Mella, Javier Buide Del Real e Pablo Iglesias Rendo.

A participación en calquera das actividades é de balde, se ben é preciso anotarse previamente no Departamento de Turismo de Boqueixón (981 513 061 ou boqueixonturismo@gmail.com).

Se as primeiras edicións se centraron na sacralidade, na relación do Pico Sacro coa cultura xacobeá, na arqueoloxía e na espeleoloxía do monte sacro, nesta ocasión “imos centrarnos na presenza do Pico Sacro na literatura, algo que sa-



Presentación da quinta edición do ciclo “Un mes e Pico”

bemos ben en Boqueixón onde xa temos editado varios folletos e mesmo libros sobre esta cuestión, que están accesibles ao público a través da nosa páxina web”, adiantou o alcalde.

De feito, o primeiro acto foi a presentación do conto infantil “Lupiña e o seu bosque máxico”, editado polo Concello de Boqueixón en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística. O segundo foi a conferencia “O Pico Sacro nos primeiros escritos xacobeos”, de Javier Buide del Real, sacerdote de Boqueixón, Codedo e Oural (Boqueixón) e director do Arquivo da Catedral de Santiago, onde é

coengo arquiteiro.

Programación

A segunda conferencia, “O Pico Sacro, magnetismo literario”, será impartida na Capela de San Sebastián o sábado 17 de xuño, ás 19:00 horas, por Xosé Manuel Lobato, doutor en Filosofía e Ciencias da Educación, articulista e escritor.

Unha semana antes, o sábado 10 de xuño, ás 19:00 horas, o Centro de Interpretación do Pico Sacro acollerá a presentación do libro “Translatio”, de Pablo Iglesias Rendo. Un acto que incluírá entrega de exemplares e sinatura por parte do autor.

Recuperación da Cerimonia do Lume Sagrado

Tras dous anos de pandemia e de non poder superar a treboada de 2022, o Concello agarda recuperar a Cerimonia do Lume Sagrado o domingo 18 de xuño, ás 13:00 horas, no Pico Sacro. Participarán Luz do Ilcinio, da Asociación cultural Mestre Manuel Gacio, e a Asociación do Castro da Fervenza de Callobre (A Estrada).

Trátase dunha cerimonia celta encabezada pola raíña Alda e o seu séquito, que recuperará a tradición da festa do solsticio de verán a través da obtención do lume sagrado directamente do Sol. Todos os que queiran recoller ese lume para prender as súas fogueiras da noite de San Xoán, poden levar unha candeia do Pico Sacro o 23 de xuño, de 18:00 a 20:00 horas.

CALENDARIO DO PUNTO LIMPO MÓBIL


De	Ata	Parroquia	Lugar
29 mai	11 xun	Sergude	Campo da festa San Bieito
12 xun	25 xun	Lestedo	Campo da festa
26 xun	02 xul	Lamas	Campo da festa

Aberto o prazo de solicitude de cacharelas para a noite de San Xoán

O Concello abre o prazo de solicitude para as cacharelas da noite de San Xoán. A entrega da documentación correspondente debe facerse antes das 12:00 horas do 22 de xuño no Rexistro Xeral de Boqueixón e o modelo de solicitude pódese descargar na web. As solicitudes deben localizar e identificar o mellor posible a parcela na que se vai facer a cacharela, achegando se é posible a referencia catastral da finca na que se vai empregar. A maiores, deberán indicar o nome, enderezo e teléfono dos responsables da organización, que deberá coidar os arredores.

O volume de combustible da cacharela non sobrepasará os 6 metros de perímetro nin os 2 de altura. A separación entre as cacharelas e os edificios e árbores será, como mínimo, de 20 metros (e nunca debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos). Proíbese a queima de pneumáticos, plásticos, espumas de poliuretano, aceites... e calquera substancia que ao arder desprenda fume tóxico. En ningún caso boataranse sprays, aínda baleiros.

Ao rematar a cacharela, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas. Será obrigatorio limpar o espazo.



O PP gaña as eleccións locais de 2023

O Partido Popular gañou as eleccións en Boqueixón con 1.676 votos, que se traducen en 8 concelleiros, un máis que hai catro anos. Veciños de Boqueixón conseguiu 739 sufraxios e 3 concelleiros, un menos que na lexislatura anterior. O PP suma o 64,21% dos votos, seguido de Veciños de

Boqueixón co 28,31% e o BNG co 5,78% e 151 votos, que non lle concederon concelleiro algún.

Os concelleiros electos tomarán posesión do seu cargo o vindeiro sábado 17 de xuño. Dende a Xanela, queremos agradecer o traballo dos concelleiros/as que deixan o seu posto

tras anos de dedicación: José Manuel Canabal Vázquez, Ana María Seijo Mosquera, Marta Magina Copóns Neira, Alejandro Bermúdez Devesa e Jesús Sanjuás Mera (Partido Popular) e Xabier Canabal Fernández e María del Carmen Soutullo Carolo (Veciños de Boqueixón).

A EIM Raiña Lupa de Boqueixón conta con dezaseis prazas vacantes

O Concello de Boqueixón informa da disposición de dezaseis prazas vacantes na Escola Infantil Municipal Raiña Lupa, unha vez rematado o prazo de matrícula. Dezaseis prazas que agora se poñen a disposición

das persoas interesadas.

Para acceder a elas, as familias deberán cumprir os requisitos establecidos no Regulamento de Réxime Interno da EIM Raiña Lupa como que a crianza teña unha idade mínima de 3 meses na

data de ingreso e non ter cumpridos os 3 anos a 31 de decembro de 2023. As solicitudes deberán presentarse no Concello de Boqueixón xunto coa documentación correspondente (consultar www.boqueixon.gal).

Aberta a inscrición no programa de conciliación Verán Activo 2023

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición do Verán Activo, un programa lúdico-educativo dirixido a nenos e nenas de entre 3 e 12 anos que permitirá ás familias do municipio conciliar a súa vida persoal e laboral nas vacacións de verán, ao tempo que oferta unha alternativa de lecer atractiva para crianzas. Unha iniciativa que conta coa financiación do Plan Corresponsables, da Xunta de Galicia.

As actividades terán lugar do 22 de xuño ao 8 de setembro nas instalacións municipais do Forte e do CPIP Antonio Orza Couto. O horario será de luns a venres, de 9:00 a 14:00 horas, coa posibilidade de ampliación horaria nos meses de xullo e agosto en caso de necesidade (ben adiantando a entrada ás 8:00 horas, atrasando a saída ás 15:00 horas ou ambas as dúas opcións).

O prazo de inscrición es-



tará aberto ata o 8 de xuño. No caso de existir maior número de solicitudes que de prazas ofertadas, o Concello ten establecido uns criterios de admisión nas bases da convocatoria.

Prezos e bonificacións

Os prezos serán de 40 euros por semana, 80 euros por quincena e 160 euros por mes. Tamén cabe a posibilidade de matricularse por días soltos (no caso de existir prazas vacantes)

por un prezo de 10 euros/día. O Concello establece unha serie de bonificacións que se poden consultar nas bases da convocatoria.

As solicitudes de inscrición e documentación a presentar realízanse preferentemente pola sede electrónica ou ben presencialmente no Rexistro do Concello de Boqueixón antes do 8 de xuño.

Máis información e consultas: cim@boqueixon.com ou no 981 513 115.

Convocada unha nova edición dos cursos de inglés

O Concello de Boqueixón convoca unha nova edición dos seus cursos de inglés, cuxas bases serán publicadas na páxina web. Esta oferta está dirixida a alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria, así como tamén para mozas e mozos a partir de 16 anos (niveis A2, B1 e B2).

As clases de inglés terán lugar no CPIP Antonio Orza Couto, dúas horas por semana. O prazo para presentar as inscricións estará aberto do 15 ao 30 de xuño.

As persoas interesadas en participar deberán cubrir a ficha de inscrición e presentala ben a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón ben presencialmente por Rexistro. Máis información, no teléfono 981 513 115 ou en cultura@boqueixon.com.

Avícola Rías Baixas consegue o distintivo Galicia Calidade

A empresa boqueixonesa Avícola Rías Baixas vén de ser recoñecida co distintivo Galicia Calidade polo seu compromiso coa preservación do medio ambiente, xa que os seus ovos proceden de galiñas que viven fora de xaulas, sen estrés ambiental e cunha óptima alimentación.



Lucas García Raviña, campión de España benxamín de fútbol sala

O porteiro Lucas García Raviña, veciño de Boqueixón, vén de proclamarse campión de España de Fútbol Sala na categoría benxamín coa selección de Galicia, coa que competiu no campionato de seleccións autonómicas

Novo despliegue de 4G e 5G no municipio

As operadoras de telefonía móbil Telefónica, Vodafone e Orange veñen de anunciar que durante as próximas semanas realizarán en Boqueixón un novo proceso de implantación dos servizos de telefonía móbil de nova xeración (4G e 5G) sobre as bandas de 800 e 700 MHz, respectivamente. Isto permitirá á veciñanza de Boqueixón desfrutar de conexión móbiles de alta velocidade cunha mellor cobertura tanto no territorio como no interior dos edificios.

Porén, este despliegue pode afectar á recepción do servizo de TDT. Nese caso, Llega700 resolverá as afectacións de xeito gratuito: 900 833 99 ou www.llega700.es.



O XXX Encontro de Maiores reuniu a máis de trescentas persoas no Forte

Máis de 300 veciños e veciñas tomaron parte na edición número trinta do Encontro de Maiores de Boqueixón, celebrada no pavillón do Forte. O encontro arrincou cunha misa no salón de actos do CPIP Antonio Orza Couto, que deu paso ao xantar onde, como é tradición, o Concello homenaxeou ás dúas persoas de maior idade desta cita. Nesta ocasión foron Purificación Rodríguez Seoane, de 91 anos, e Solitario Bar-



cala Villa, de 88. Ambos os dous veciños de Sergude, recibiron cadansúa placa conmemorativa. Ademais,

e grazas á colaboración de Gasolineras SBC, realizouse un sorteo de agasallos entre todos os asistentes.



Gran éxito do VI Campionato de Judo do Concello de Boqueixón

O rotundo éxito do VI Campionato de Judo Concello de Boqueixón resúmese en dúas cifras: máis de 250 participantes de 13 clubs e escolas de toda Galicia, que luciron no pavillón do Forte as súas habilidades e potencial. O alcalde Manuel Fernández Munín, participou na entrega de medallas e agasallos aos participantes e puxo en valor "a importancia do deporte na formación dos cativos e aposta dende o concello en concreto polo judo e os seus valores educativos".

Entregados os premios do Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas

O Concello de Boqueixón conmemorou o Día das Letras Galegas cun acto especial na Casa da Cultura de Camporrapado no que o alcalde Manuel Fernández Munín entregou os premios do IX Certame de Relato Curto Xosé Neira Vilas. Un acto ao que asistiron Fernando Redondo e Natalia Lobato, en representación da Fundación Neira Vilas e da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio. O acto rematou cun concerto de música a cargo da Unión Musical de Ponteledesma.



Nace “CREA. A importancia do noso”, un proxecto de dinamización xuvenil

O Concello de Boqueixón pon en marcha este verán “CREA. A importancia do noso”, un proxecto de dinamización xuvenil dirixido a rapaces e rapazas entre os 12 e os 15 anos de idade. Un programa que nace co obxectivo de empoderar a esta rapazada que pola súa idade non pode participar nin nos tradicionais programas de conciliación nin no voluntariado xuvenil.

O programa CREA porá en valor o patrimonio natural e cultural de Boqueixón e promoverá o seu coidado a través de actividades formativas de educación ambiental e o coñecemento da cultura popular por medio de actividades de teatralización. Para conseguilo, a rapazada visitará as distintas zonas de interese



do concello, que despois darán a coñecer a través das Redes Sociais.

As actividades levaranse a cabo no mes de xullo en torno a catro bloques temáticos: medio ambiente, patrimonio natural, cultura

e tradición oral e difusión e Redes Sociais.

Prazas limitadas. Máis información e inscricións na Oficina Municipal de Información Xuvenil ou chamando ao teléfono 981 51 31 15.

A inscrición nos cursos de natación terá lugar do 12 ao 26 de xuño

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscrición para os cursos de natación da tempada 2023, que terán lugar en horario de mañá nos meses de xullo e agosto nas instalacións das piscinas municipais do Forte. Están dirixidos a crianzas de entre 4 e 15 anos.

As persoas interesadas en participar deberán formalizar a súa solicitude presentando a ficha de inscrición e presentala por rexistro: a través da sede electrónica do Concello ou presencial na Casa do Concello do 12 ao 26 de xuño. Moi importante especificar na ficha de inscrición o nivel de destreza do/a neno/a (iniciación



ou perfeccionamento).

Os cursos dividiranse en grupos segundo a idade das crianzas participantes e as clases desenvolveranse en días alternos: luns-mérco-

res e martes-xoves. O prezo é de 15 euros ao mes.

Máis información, no Departamento de Deportes, no 636 731721 ou en deportes@boqueixon.com.



O descenso do Ulla en piraguas terá lugar o 8 de xullo

Os Concellos de Boqueixón e Vedra organizan un ano máis un descenso do Ulla en piraguas, que terá lugar o sábado 8 de xullo. Dirixido a persoas maiores de 13 anos, a actividade custará 25 euros, que inclúen: 1 praza en piragua de dúas persoas, chaleco salvavidas e seguro. Prazas limitadas. Inscricións entre o 12 e o 30 de xuño en www.boqueixon.gal.

Boqueixón e Vedra acollerán un campo de voluntariado para promover o Camiño

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, en colaboración cos Concellos de Boqueixón e Vedra, porá en marcha o campo de voluntariado “Visualizando Camiños” do 15 ao 26 de xullo. Unha iniciativa dirixida a mocidade de 18 a 30 anos que recollerán a información sobre os Camiños de Santiago de viva voz das persoas maiores de Boqueixón e Vedra.

Así mesmo, crearán contidos audiovisuais para promover os Camiños de Santiago: Vía da Prata, Camiño Miñoto Ribeiro e o Camiño de Inverno.



Gran participación no XLIX Desfile de Carrozas de San Cidre

A edición anterior ás vo-
das de ouro do Desfile das
Carrozas de San Cidre foi
todo un éxito de partici-
pación e de organización.
Os cada vez máis numero-
sos seguidores desta festa
desfrutaron dunha xornada
chea de actividades para
todos os gustos e idades.

Todo comezou coa misa
e a procesión, acompañada
por Son de Gaitas, que deu
paso ao popular desfile de
carrozas de Camporrapado
ao campo da festa, coa mú-
sica da Charanga BB+. O

alcalde, Manuel Fernández
Munín, visitou a zona xunto
ao conselleiro de Cultura,
Román Rodríguez, e o de-
putado Ovidio Rodeiro.

Durante a degustación
de viños e pinchos variados
tivo lugar a entrega de pre-
mios ás mellores creacións
e ao pregón da cantante
Laura Añón, que deu paso
á sesión vermú co Trío
Carpe Diem e a Charan-
ga BB+. Pola tarde, xogos
para a rapazada e música
con Claxxon e A Banda da
Balbina.



Unhas 240 persoas farán visitas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro entre xuño e setembro

O Concello de Boqueixón e a Federación Galega de Espeleoloxía organizan 48 visitas guiadas ás covas do Pico Sacro, que terán lugar durante oito sábados dos meses de xuño a setembro, o que permitirá que 240 persoas descubran os segredos da cova máis lendaria de Galicia. Todas as persoas interesadas en participar na iniciativa “Baixadas espeleolóxicas ás covas do Pico Sacro” poderán anotarse a través da páxina web www.espeleoloxia.org/web/visitapicosacro/

Unha iniciativa que foi presentada polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e Marcos Vaqueiro, vicepresidente da Federación Galega de Espeleoloxía. Fernández Munín destacou que “dende o Concello valoramos moi positivamente



Xornalistas e persoal municipal fixeron a primeira das baixadas guiadas

esta iniciativa, despois do éxito que tiveron as visitas realizadas o ano pasado. Este tipo de iniciativas son moi importantes desde un punto de vista turístico xa que poñen en valor o Pico Sacro entre persoas amantes do deporte”.

As baixadas son totalmente seguras e estarán guiadas por técnicos da Federación Galega de Espeleoloxía, que se encargarán de proporcionar todo o equipo necesario para disfrutar desta actividade. Haberá 8 días de visita, todos

eles sábados: 17 de xuño; 1, 15 e 29 de xullo; 12 e 26 de agosto; e 9 e 23 de setembro en seis horarios diferentes, tanto de mañá (de 9:30 a 12:00, de 11:00 a 13:30 e de 12:00 a 14:30 horas) como de tarde (de 15:00 a 17:30, de 16:00 a 18:30 e de 17:30 a 20:00 horas), dependendo da climatoloxía.

Establécese un máximo de 5 participantes por quenda, que deberán ser maiores de 14 anos (ou cumprilos ao longo deste ano 2023). O prezo da visita guiada é de 30 euros por persoa. As persoas empadroadas en Boqueixón terán un prezo especial de 20 euros por persoas, mentres que a mocidade entre 14 e 18 anos disfrutará dunha tarifa de 15 euros por persoa.



O Concello edita o conto infantil “Lupiña e o seu bosque máxico”, de Raquel Sánchez Mella

O Concello de Boqueixón, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, vén de editar o conto infantil “Lupiña e o seu bosque máxico”, obra de Raquel Sánchez Mella, veciña de Lestedo. Un libro que foi presentado no Centro de Interpretación do Pico Sacro, como acto inicial do ciclo “Un mes e pico” e cun contacontos a cargo de Trémola Teatro.

Visita ao Pazo de Oca do Programa de Prevención da Dependencia

As nove persoas que participan no Programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón participaron nunha visita ao Pazo de Oca o pasado 24 de maio. O párroco de Lestedo, José Sánchez Piso, exerceu de guía, dándolles a coñecer a historia do pazo e guiándoos polos seus xardíns. Unha visita que rematou nunha comida de confraternidade á que asistiron o alcalde, Manuel Fernández Munín, e a concelleira de Servizos Sociais, Ana María Seijo.



Aberta a inscrición nun curso de formación de mediadores xuvenís

O Servizo de Prevención de Condutas Adictivas de Boqueixón, Teo e Touro, en colaboración coa Consellería de Sanidade, organiza o “Programa Activa”, unha iniciativa de formación de mediadores xuvenís que terá lugar do 26 ao 30 de xuño, en horario de 11:00 a 13:00 horas, nas instalacións do Forte.

Dirixido a colectivo xuvenil a partir de 14 anos, consta de varias sesións formativas para a adquisición de ferramentas e recursos cos que traballar a participación activa e fomentar estilos de vida saudables. Entre outras cuestións, a rapazada tratará sobre xestión emocional, habilidades sociais, educación en valores e autoestima.

As inscricións están abertas ata o 22 de xuño no 981 513 115.

Encontro interxeneracional nas escolas unitarias de Sergude e Lestedo

As nove persoas participantes no programa de Prevención da Dependencia do Concello de Boqueixón participaron en dous encontros interxeneracionais co alumnado das escolas unitarias de Sergude (29 de maio) e Lestedo (31 de maio). Unha iniciativa, “Intercambiando experiencia”, coa que se pretende destacar a importancia dos nosos avós e avoas e poñer en valor a fonte de sabedoría da que dispoñen. Un legado que poden trasladar aos máis pequenos a través deste tipo de encontros.

Durante a xornada, os maiores compartiron coa cativada moitos recordos das súas infancias: como era a súa escola, os traballos que tiñan que facer antes de ir, dos xogos que facían... Pola súa banda, os máis pequenos contáronlles tamén como é o seu día a día. Tamén puideron pintar e xogar con eles ás cartas e a un xogo de memoria. Os nenos e nenas de Lestedo cantáronlles



unha canción como mostra de agradecemento e os invitaron a merendar. A iniciativa estenderase ao CPI Orza Couto o próximo curso.

Unha iniciativa que foi posible grazas á colaboración das mestras das Unitarias de Sergude (Ari) e de Lestedo (Marta, Puri e Rosa).

AXENDA DO MES DE XUÑO

Venres
9

Festival da EIM Raíña Lupa

Casa da Cultura Camporrapado.

Sábado
10

Presentación do libro “Translatio”

Centro de Interpretación do Pico Sacro. Ás 19:00 h.
Entrega de exemplares e sinatura polo autor Pablo Iglesias Rendo.
Necesaria inscrición previa.

Sábado
17

Conferencia de Xosé Manuel Lobato

Capela de San Sebastián. 19:00 h.
“O Pico Sacro, magnetismo literario”. Inscrición previa.

Sábado
17

Baixasas Espeleolóxicas ao Pico Sacro

Centro de Interpretación do Pico Sacro. 6 quendas.
Prezos: 30€ (20€ empadroados e 15€ de 14 a 18 anos).

Domingo
18

Cerimonia do Lume Sagrado

Pico Sacro, 13:00 h.
Actuación de Luz do Ilcinio.
Asociación do Castro da Fervenza de Calobre (A Estrada).

Xoves
22

Contos para bebés

EIM Raíña Lupa, 11:00 h.
Migalhas Teatro pon en escena “5 ratiños de conto”

Venres
23

Inauguración da Piscina Municipal

Instalacións do Forte.

Venres
23

Entrega do Lume Sagrado

Pico Sacro. De 18:00 a 20:00 h.

Domingo
25

Mago Dani García

Piscina municipal, ás 19:00 horas.
Dani García porá en escena: “Gadalka. A maxia detrás do cristal”. Cultura no Camiño.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 CIM: 981 513 061 Cultura: 981 513 115 Dto. Local e Turismo: 981 513 061
concello@boqueixon.com cim@boqueixon.com cultura@boqueixon.com boqueixonturismo@gmail.com